

Charla formativa gratuita

Como aprenden os nenos e as nenas?

Unha mirada ao seu interior

+ reunión informativa

**Constitución Grupos de
traballo**

mates e + Vigo

INFANTIL E PRIMARIA

SÁBADO 4 DE MAIO

de 10h a 13h

CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao (Vigo)

ORGANIZA:

mudar 

ASOCIACIÓN PEDAGÓXICA

Información

asociacionmudare@gmail.com

Inscripcións

mudare.org

Ante a efervescencia de distintos modelos educativos e o chamado "cambio de paradigma", son moitas as ansias de formación continua e tamén de intercambiar boas prácticas, porque o que nós facemos tamén é valioso (non só o que nos contan) e reflexionar e compartir máis valioso aínda. Na Comarca do Salnés, levamos un tempo formándonos no ámbito das matemáticas e consideramos que é importante levar a cabo unha reflexión conxunta que, ás veces, tras as formacións, non temos tempo a facer, ou ben sentimos que non adquirimos a confianza suficiente para dar un paso máis aló. Por outra banda, hai outros ámbitos, ademais das matemáticas, nos que cremos que é importante profundar como a lingua española e galega en primaria, a linguaxe en infantil e o ámbito sensorial, motriz e emocional. É evidente que quedan outros aspectos importantes aos que dar resposta, pero amodo camiñamos mellor. É necesario centrar a atención en certas temáticas e, así, sentir a confianza necesaria nas nosas capacidades como mestres e mestras para comezar, con seguridade, o camiño do cambio. Por iso, no mes de setembro creamos a seguinte proposta no Salnés : a creación dunha gran comunidade en Galicia para reflexionar, debater e compartir boas prácticas no ámbito das matemáticas, lingua, sensorial, motriz e emocional.

Despois de consolidar os grupos na nosa comarca decidimos crear un novo grupo en Vigo, dado o interese mostrado por compañeiros e compañeiras da zona.

Animámosvos a participar!



PODO

1. Formar parte dun grupo cuns fins comúns.
2. Interactuar compartindo experiencias educativas enriquecedoras.
3. Coñecer persoas participantes próximas á tua localidade.
4. Acceder a diferentes espazos dixitais pertencentes á asociación.
5. Recibir información directa sobre cursos, formacións, eventos, ...-
6. Dar-me de baixa se non resulta do meu interese.

COMO?

1. Facéndome amigo ou amiga de mudare.
2. Se o desexo, ademais, pordo formar parte dun grupo de boas prácticas.
3. Calendario a curso vista das reunións de boas prácticas, co fin de facilitar a organización.
4. Calendario das distintas formacións e eventos.
5. Web coa información de interese e drive compartido por temáticas.
6. Telegram para cada temática.

